

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 1780 (11/POC-000288)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e 3 máis  
Sobre as razóns da demora do Goberno galego na elaboración do proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra e a dragaxe do río Lérez, así como as súas previsións referidas á súa dotación orzamentaria para o ano 2021 e mais a súa axilización  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*
- 1.2 2202 (11/POC-000354)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 5 máis  
Sobre as prioridades trasladadas polo Goberno galego en materia de augas para acadar financiamento europeo con cargo ao programa operativo Feder 2021/2027 e ao programa de reconstrución Next Generation EU  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*
- 1.3 2236 (11/POC-000360)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a distribución dos fondos do Plan Hurbe en colaboración coas entidades locais e a elección dos concellos para o asinamento dos convenios para o financiamento de obras en materia de urbanismo, así como as súas previsións respecto da realización de convocatorias públicas para ese fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

## **Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 807 (11/PNC-000052)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 4 máis  
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a supresión da liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña,



coñecida como "O Mesía"

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020*

2.2

2338 (11/PNC-000234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presenta a estrada LU-741, ao seu paso polo concello da Pontenova, no tramo comprendido entre A Pontenova e A Fonsagrada e que enlaza coa LU-P-1904

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

María Elena Candia López  
Presidenta da Comisión

María  
Elena  
Candia  
López

Firmado digitalmente por  
María Elena Candia López  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=María Elena Candia  
López,  
email=elena.candia.lopez  
@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2020.09.30  
17:27:24 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 30/09/2020 17:27:24

